**GRUPO ECOLOXISTA ADENCO**
**Apartado de Correos 132.**
**36860. Ponteareas**
**adencotea@yahoo.es**

A ACTIVIDADE ENCÁDRASE NUNHA LIMPEZA SIMULTÁNEA EN 22 CONCELLOS GALEGOS

# Adega e Adenco organizan unha limpeza no Río Tea en Ponteareas

Os colectivos ambientalistas Adega e Adenco celebrarán o próximo sábado unha xornada de limpeza no Río Tea en Ponteareas. Esta partirá ás 16:30h da Ponte de San Roque, en Ponteareas.

O treito a limpar discurrirá entre a Ponte de San Roque e a zona da Moscadeira, unha zona moi frecuentada pola xente da Vila e que se atopa nun lamentable estado de conservación. Seguindo un protocolo de limpeza, actuarase sobre o lixo que se atope nas beiras e no propio cauce, no que se poden encontrar, a día de hoxe, rodas de vehículos varios, sinais de tráfico, plásticos, cristais, restos de madeira, ...Posteriormente, o lixo recollido será debidamente clasificado e trasladado ao punto limpo de Ponteareas.

A actividade encádrase nunha xornada de limpeza simultánea dos ríos galegos, que se organiza en 22 concellos galegos. En Ponteareas a actividade está coordinada por Anxo F. Saborido, Presidente de Adenco, e escolleuse o Río Tea, e o treito entre San Roque e A Moscadeira por ser un sitio de interese para a Comarca, próximo á Vila de Ponteareas e que progresivamente está deteriorándose, ante a pasividade das institucións competentes.

Para participar na actividade e estar cuberto co seguro de accidentes é preciso apuntarse previamente no teléfono 666.893.879, aínda que no propio día tamén se pode asistir á limpeza.

Asinado,

Anxo F. Saborido
Presidente de Adenco
Coordinador da actividade
Teléfono 666.893.879

Antonio Alonso
Coordenador de Adega-Paradanta
Teléfono 653.927.904